

POLICÍA LOCAL
CONCELLO DE AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa 8 de MARZO, s/n (CAP) · CP: 15320 · Telf.: 981 45 31 91 · Fax: 981 45 19 63 · REL: 01150709 · CIF: P1507100D

Solicitante (particular ou asociación)

DOI/CIF		Nome e apelidos/Razón social				
Rúa			Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono fixo	Móbil	
Correo electrónico						

Representante

DNI		Nome e apelidos				
Rúa			Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono fixo	Móbil	
Correo electrónico						

Datos da cacharela

Lugar exacto da cacharela					
Data	Hora				
Tipo <input type="checkbox"/> Cacharela <input type="checkbox"/> Sardiñada	Tipo de propiedade <input type="checkbox"/> Privada <input type="checkbox"/> Pública				
Características do terreo <input type="checkbox"/> Terra <input type="checkbox"/> Asfalto <input type="checkbox"/> Formigón <input type="checkbox"/> Beirarrúa <input type="checkbox"/> Chapacuíñas <input type="checkbox"/> Outros					
Especificar no caso de que sexan outras					

NORMAS:

- As persoas, organizacións e comunidades que desexen realizar unha cacharela e/ou sardiñada na súa zona de residencia deberán presentar a solicitude correspondente no Concello ata as 14:00 horas do 22 de xuño. Sinalando o nome, enderezo, teléfono e fotocopia do D.N.I. dos responsables da organización ou comunidade, así como todos os datos que constan no modelo de solicitude. As persoas responsables teñen que ser maiores de idade
- A solicitude debe ir acompañada dun plano de situación do espazo público (no privado non se necesita plano) no que se vai a situar a cacharela/sardiñada; así como da situación de todos os elementos, que ademais da cacharela se coloquen no espazo autorizado.
- Zona urbana: O volume do combustible da cacharela non sobrepasará os 3 metros de diámetro e 6 metros de perímetro, nin dous metros de altura.
- Rural: O volume do combustible da cacharela non sobrepasará os 3 metros de diámetro ou 9 de perímetro.
- A separación entre as cacharelas, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano serán como mínimo de 12 metros, excepto no casco urbano.
- Porase especial coidado de non situar baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
- Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico. · En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- A hora límite para rematar a celebración é as 04:00 horas da magrugada, de acordo co horario establecido no Decreto da Xunta de Galicia, para a celebración de festas e romarías populares.
- Ao finalizar a cacharela e antes de abandonar o lugar da mesma, os responsables coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas.
- Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo.
- As organizacións atenderán as indicacións da **Policía Local (98145391) e do Servizo de Protección Civil (667129316)**
- A autorización outorgada non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos ou perdas a que houber lugar no caso de que concorrera negligencia ou imprudencia.
- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- O/A solicitante será sempre o responsable dos danos e prexuízos que a fogueira ocasione.

DOCUMENTACIÓN:

Impreso debidamente cuberto, plano en caso de ser no nucleo urbano e fotocopia do DNI do solicitante

O solicitante manifesta coñecer e responsabilízase de cumprir as normas establecidas.

As Pontes, de de 20

Asinado: